



FEDERACIÓN GALEGA DE BAILE DEPORTIVO

CRITERIOS PARA FORMAR PARTE DO CENSO ELECTORAL

De acordo co Decreto 16/2018, poderán formar parte do censo electoral aquelas persoas ou entidades que cumpran os seguintes requisitos segundo o seu estatamento:

1. Estatamento de Deportistas.

- Ser maiores de idade na data das votacións.
- Ter licenza federativa en vigor na data de convocatoria das eleccións e durante as dúas tempadas anteriores.
- Ter participado en competicións oficiais nas dúas tempadas anteriores.

2. Estatamento de Técnicos/as.

- Ser maiores de idade na data das votacións.
- Ter licenza federativa en vigor na data de convocatoria e durante as dúas tempadas anteriores.
- Ter participado en competicións oficiais nas dúas tempadas anteriores.

3. Estatamento de Xuíces/Xuízas.

- Ser maiores de idade na data das votacións.
- Ter licenza federativa en vigor na data de convocatoria e durante as dúas tempadas anteriores.

(Neste estatamento non se esixe o requisito de participación en competición nos mesmos termos que para deportistas e técnicos/as).

4. Estatamento de Clubs (Entidades Deportivas)

- Estar inscritas desde o mes de xaneiro dos dous anos anteriores ao ano das eleccións tanto na federación correspondente como no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- Ter participado, polo menos, nunha competición oficial en cada unha das dúas tempadas anteriores.

A representación do club corresponderá á súa presidencia ou á persoa debidamente acreditada conforme á normativa vixente. É recomendable que si se considera preciso, antes do remate da exposición do censo inicial, o club solicite o cambio de responsable, xa que tan só poderá votar en representación do club a persoa que figure coma responsable no censo.

